
A NOSA TERRA

LINO BRAXE - XOSÉ L. FRANCO GRANDE - FRANCISCO F. DEL RIEGO - VIRXILIO - MANUEL MARÍA
FELIPE SENÉN - XESÚS GONZÁLEZ-GÓMEZ - MARGARITA LEDO ANDIÓN - ROMÁN RAÑA LAMA
CARMEN F. PÉREZ-SANJULIÁN - RAMIRO FONTE - XOSÉ ANXO FERNÁNDEZ ROCA
XÚSTO BERAMENDI - QUESSADA - AUGUSTO PÉREZ ALBERTI - BASILIO LOSADA
XOSÉ M. SALGADO - CARLOS PAULO MARTÍNEZ-PEREIRO BALTAR
XOSÉ AURELIO CARRACEDO - ANTON BAAMONDE



EXTRA 8

A SOMBRA IMENSA DE OTERO PEDRAYO

ESPECTÁCULO MULTIMEDIA



La Región

alfombras moquetas cortinas papeles pintados

Director: ALEJANDRO OUTEIRIÑO RODRIGUEZ

OURENSE, DOMINGO, 11 DE ABRIL DE 1976—AÑO 66—N.º 20.391

CARDENAL QUIROGA, 11 y 15—APARTADO 20—TELS. 21 46 04 | 12 PESETAS

D. RAMON HA MUERTO

HONDO PESAR EN TODO EL PAIS

MAÑANA, A LAS 11, LOS FUNERALES Y SEPELIO DEL PATRIARCA DE LAS LETRAS GALLEGAS

(PAGINAS LOCALES)

ADEUS, DON RAMON

D. Ramón Otero Pedrayo, patriarca de las Letras Gallegas, muerto ayer en Orense

EXTRAOFICIAL

ARIAS HABLARA AL PAIS

* TEMAS: Evolución política, orden público, economía, mundo del trabajo, etc.

PAGINA 23

LA SEMANA SANTA, TRANQUILA

* El Gobierno, preocupado por el 14 de Abril.

* Inquietud del sector reformista por la solicitud de un pleno del Consejo Nacional.

PAGINA 21

LOTERIA

MAYOR: PREMIO 59.568

MANIFESTACION PEKIN.—Partiendo de enorme retrato de Mao Tse-Tung, miembros de Pekín, marchan por una calle principal, ante la Plaza de Tien An Men, en manifestación de apoyo a las resoluciones del Comité Central del partido comunista chino, que sigue con «los actos de violencia registrados en la citada Plaza». (CIFRA GRAFICA)

La Voz de Galicia

FUNDADO POR DON JUAN FERNANDEZ LATORRE

La Coruña, domingo, 11 de abril de 1976 Año XLV — N.º 20.415 — Ejemplar, 12 ptas.

1ª EDICION

MORREU RAMON OTERO PEDRAYO

No intre do pasamento tiña plena lucidez e concencia do que lle iba a ocurrir

Contaba 88 anos e, según os seus íntimos, agardaba a morte dende que lle faltóu a súa dona

Mañán ás once, funerales i enterro en Ourense

(En págs. 10 a 16)

DON RAMON INIGUALABLE ORADOR EN UNA ACTITUD MUY CARACTERISTICA. (Foto: Alonso)



Como en mayo de 1968

Huelga total en cuarenta Universidades francesas

La mayoría de los profesores se suman a la protesta de los estudiantes contra la reforma de la enseñanza

(En pág. 27)

SEGUN CIRCULOS POLITICOS

ARIAS NAVARRO SE DIRIGIRA AL PAIS POR TELEVISION EL PROXIMO DIA VEINTE

(En pág. 19)



EXISTE CIERTA TENSION EN EL CENTRO

Falsa alarma de bomba en un edificio próximo al hospital de Pamplona donde se halla uno de los evadidos de Segovia

Una persona, vestida de enfermera, que no pertenece al cuadro sanitario que atiende al herido, intento ponerse en comunicación con el

(En pág. 26)

HOMENAJE A MADARIAGA D

AREILZA SE ENTREVISTARA MAÑANA CON EL PAPA, EL PRESIDENTE LEONE Y MARIANO RUMOR

TEMAS: CONCORDATO, NOMBRAMIENTOS DE OBISPOS Y LAS RELACIONES DE ESPAÑA CON EL MERCADO COMUN

(En pág. 52)

MARGARITA LEDO ANDIÓN

A familia puxo a esquela en español. 'Cosas de Ramón' iso do galeguismo. Cobiza do neno-grande, pra se enredar; luir do *Outsider* no espacio cotián; pretexto pra falar de balde en aulas, xantares, inauguracións. 'Cosas de Ramón'.

Muitas máis transformacións enguliu Otero, en vida e morte, muitas máis transformacións enguliron a Otero. O patrón que xa non se pode imitar, pra García Sabell; o santo e sinal da retórica conservadora institucional, entre a cruz de Alfonso X, as homaxes do derradeiro ano, telegrama de Fraga, vicepresidente do goberno neofranquista, selando a pompa funeraria, ou ise Otero protagonizando a pregaria pública do excomulgador Temiño, Bispo de Ourense.

Persoaxe, Otero Pedrayo, definitivamente enterrada, cuberto con terra de Trasalba e de Padrón, persoaxe da quen non comprirá falar en muitos anos ata que xa nen importe descubrir se gustaba de putiñas e que a sua escrita desacompasaba o tempo argumental pra írese ao dos punctus comunicativos. Escrita pasada por *rewriters* pulcros, por reescribidores.

Otero ou esa repetición dun adorno femenino en cáseque todas as suas cabeceiras, orla de froliñas arrodeando os tíduos, abranguendo a folla do bloc, froliñas de tres ou catro pétalas, cun abrollo negro e central onde daba voltas a pluma oterián confundindo a orixe das cousas.

Persoaxe que nós collemos nalgunhas das manifestacións que provoca, impelación activa, resposta a Otero, na sua Morte, dende os Meios de Información. Otero servindo de soporte, sempre, pra un salferinte efecto multiplicador.

Na sua modorra de día de festa de gardar, o cidadán que merca *La Voz de Galicia* o domingo 11 de abril, no 1976, non dá caido no quid da cuestión, o por qué da sensación rara que lle fai ler duas veces o titular da páxina UN coma se algo non cadrara: «Morreu Ramón Otero Pedrayo».

A noticia, xerarquizada co meirande número de elementos que a prensa galega adoita usar no tempo —en cabeza, a todo o ancho, con filetes fantasía, foto, tipografía en negra, maiúsculas, letra forte sen remates— forma parte do repertorio de temas luctuosos que marcan o criterio de decisión pra unha información de primeira ou de segunda. A noticia, pois, non tería de desacougar. Como envergoñado de sí, o lector rutinario de LVG fíxase, outravolta, na páxina UN e agora é un tremor indicando desasosego no baixo ventre: LVG en idioma galego!

Porén, o 11 de abril de 1976 pra audiencia do xornal local *La Región*, non houbo creba no costume lingüístico: «Don Ramón ha muerto. Hondo pensar en todo el país», anque, con toda educación, en espacios editoriais ou en crónicas de correspondentes —Perfecto Conde dende Compostela— déixase imprimir o galego coma veículo do que fora acontecemento ata o pensamento de D. Ramón.

A estas horas están nos xornais agardando a nova da miña morte, ironizaba Otero.

Qué forza de seu significaba Otero pra que as cousas saísen ao contrario, pra que o idioma, nos Media, adquira un uso normalizado e en consecuencia coa tendencia social de uso; pra que «Por primeira vez en 23 años» resaltábase, Temiño oficiara misa en galego. Qué forza ia desvelando nos *billets* que publica en *La Noche*, en galego, na década dos corenta, cando o fin da II G.M. —sen nada mudar no Estado— convencera de que República democrática e Estatuto están, definitivamente, perdidos.

Forza dun perfil de grupo, ambigüedade de amolar ao comensal de enfrente guindándolle faragullas, mistura de inocencia e malaleite, pouso de *Máis Alá*, de modernidade, anque para el as cousas se transformen por evolución, non por contradición. Actitude que pode ter quen endexamais lle ten dado vivas a España diante do corpo, quente aínda, dos seus irmans galeguistas (como non fixo Vicente Risco); destemor de fin de raza.

Dous anos atrás, no ano de Grándola, en primavera do 74, eu, redactora de *El Ideal Gallego* na delegación de Compostela fun cubrir, 'en vivo', un deses

OTERO OU ESA REPETICIÓN DUN ADORNO FEMENINO EN CÁSEQUE TODAS AS SUAS CABECEIRAS, ORLA DE FROLIÑAS ARRODEANDO OS TIDUOS

acontecementos tan estimados pola prensa en Galicia: moimento erixido en algures, estatua cun afiador, ritual de benzoar a pedra de gran, escultura que se situaba en área de *pedigree*, no bairro da Rosaleda, diante da ex-casa de García Sabell. *Fait divers* local, rutinario, que me dispuxen a soportar do xeito millor, con gafas escuras e gabán, a carón de Teresa Navaza que estaba alí por TVE, cun oculto e singular lecer porque, como a Chabrol, sempre me gustaron os *fait divers*: son incontestables.

E Otero aparece e ceiba un seu ronsel de nonsenso, fincando nun paraguas. Otero a nos convertir en creedores, 'O afiador leva o agoiro romántico de Galicia polo mundo adiante' cito de memoria, e como cita, frases parellas á devandita entraron, en galego, pra informar daquel *fait divers* nun xornal que ten nome de corsetería en saldo permanente.

Pénsese que involucrar o galego nun texto informativo formaba parte aínda do rigorosamente proibido pola política lingüística 'ad usum' nos Media. Pero D. Ramón situábase sempre no espacio da incerteza, e as cousas de D. Ramón tornábanse posibles. Só por iso amaríao sempre.

E DON RAMÓN MORRE

Meses denantes prepáraselle o enterro e a sua transmutación en autoridade: fillo predilecto da Provincia; visita de Martínez Esteruelas, aquel don Cruz; cruz de Alfonso X, premio Fundación Barrié, diversos homaxes e, tamén, premio 'Castelao' do Instituto Argentino de Cultura Galega.

O icono D. Ramón será o de resucitado —v. edición conmemorativa da sua morte, con textos eclesiais e documentos varios a propósito de— que se nos ofrece nun contrapicado, é decir, nós vémolo dende abaixo ao resucitado, resucitado de fato escuro, brazos abertos en cruz, movemento —a falar ou con aceno na boca de falar— nun fondo que, coma obxecto, ten o máis outo e unívoco grau de connotación pra lle transmitir á imaxe: a catedral, a fachada do Obradoiro. D. Ramón, o morto-vivo.

A sua iconografía compleméntase, xa, coa imaxe de D. Ramón orador, esgrevia figura de Autoridade na reserva de signos que se nos activan: formación académica, membro e presidente último do SEG, polígrafo, o home que fala dende a Tribuna —espacio de respeto— por que tén *don*, o profesor impostando a voce, a boa concencia.

«Principe a oratoria e do diálogo» titulaba o seu texto en LVG Martínez Risco, presidente da Academia (Cárrego que hoxe ocupa García Sabell). «D. Ramón inigualable orador en una actitud muy característica» constataba o pé de foto da UN, redundando na propria pose do persoeiro, foto e pé, elementos impositivos que interveñen no primeiro nivel de lectura, dícennolo unha e outra vez.

¿Estamos nós agora negando que D. Ramón é orador?. O que estamos negando é a oralidade como retórica de autoridade —cecais por iso a oralidade esteña proibida nos USA—, pragmática do falso nos Media-Forma de Institución Social. Estamos acolléndonos ao valor do verbal en D. Ramón naquela dimensión que ten de expresión contemporánea, na dimensión Foliana de *este home escribe como fala*, dimensión que tamén confirman os estudosos (v. "Consideracións sobre o estilo de Otero Pedrayo" de X.L. Méndez Ferrín, in *Dorna*, expresión poética galega, núm. 4, maio 1982), valor do verbal en D. Ramón como suxerencia física e que Xaquín Lourenzo me relataba nunha entrevista situando ao seu mestre nun mitin e a duas mulleres gustando: *qué ben fala ese home, quen fora moza pra merecelo* ("Xaquín Lourenzo, vocación terreal" por Margarita Ledo Andión, in LVG-Suplemento de Cultura). Valor verbal de D. Ramón como práctica contraria ao estereotipo, ao oportunismo, á ocultación; valor do verbal como acción en Barthes: "...se eu quiser apagar o que acabei de expor, só o poderei fazer mostrando a própria borracha (devo dizer: "ou antes...", "exprimi-me mal..."); paradoxalmente, é a fala, efémera, que é indestrutível, e não a escrita, monumental." (in *TelQuel*, núm. 47, outubre 1971. Trad. port. de Arnaldo Saraiva, Presença, Lisboa, 74).

Valor de oralidade (proibida) nos textos de D. Ramón, textos pra reler e polos que non lles perdono a preparación aos seus *rewriters*

Efímero e mostrando a goma de borrar, valor anti-autoritario de D. Ramón Otero Pedrayo no seu auto-discurso narciso, inacabado:

> Nacín un neno ridículo; delgado,
> enfermo, acatarrado, temeroso. Tiña medo



¿ESTAMOS NÓS AGORA NEGANDO QUE DON RAMÓN É ORADOR? O QUE ESTAMOS NEGANDO É A ORALIDADE COMO RETÓRICA DE AUTORIDADE

EXCELENTISIMO CONCELLO DE OURENSE



PATRIARCA DAS
LETRAS GALEGAS

CRONISTA
OFICIAL DA CIDADE

OURENSE
ÓLLASE
NOS ESPELLOS
DO MIÑO

(OTERO PEDRAYO)

Xoselo Taboada

dos mortos, das arañas, dos cas, dos pobres. Naquela época había unhos mendigos tremendos en Ourense que asustaban os rapaces. Meus pais coidábanme moito porque era fillo único. (...) A miña nenez foi agradable no sentido de que non fun nunca a escola. Como estaba tan débil non me querían entregar a un daqueles maestros feroces que practicaban a pedagoxia "da letra con sangre entra".

"A Vida dun Home Feliz" entrevista — sen especificar autoría reproducida en *La Región*, 11.4.76)

Efímero e coa goma de borrar, portavoce de propostas minoritarias na IV Asamblea do Partido Galeguista —da que sae trunfadora a alianza coas forzas da esquerda no que virá a ser o Frente Popular— advertindo que ademitirá a opinión da maioría.

Valor verbal de Otero, valor de imaxes sonoras que emerxen entre os silencios da sua escrita:

...Non podo precisar. Seméllame tamén impío. Non pode morrer. Toda figuranza do pasamento fai sofrir a ista viva ilusión de Castelao que levo dentro de min. Mellor calar, lonxe do sofrimento de escreber en tempo de corrido, coa confianza do cristiano, adormecendo no senso da inmortalidade da Resurrección que nos ha de xuntar a todos os amigos nunha Galiza trasposta nas mans de Deus.

("Castelao, a conciencia de todos feita home" in Emisión Galega da BBC, Londres, 13 de marzal de 1950, recollido en *Parladoiro*, Galaxia, Vigo, 1973.

DOUS MODELOS DE PRENSA ARREDOR DE SI


O comportamento dos Meios de Comunicación en Galicia diante da nova da morte de D. Ramón observarémolo a través das edicións do domingo (dia despois do pasamento) e do martes (día despois do enterro), 11 e 13 de Abril do 76 do diario *La Región* (Ourense) e *La Voz de Galicia* (A Coruña). En común, topámonos axiña co tratamento do feito como unha história, técnica de dramatización que andando os anos virán impor os Audivisuais e mais os novos modelo híbridos de prensa escrita, con elementos dos Medios sensacionalistas e mais dos informativos tradicionais.

Unha história de vida, fitos, ancoraxes no divertimento; unha narración con desenlace coñecido — eís o reto de manter o interés— que traslada unha variante do xénero á linguaxe dos Media, como Hitchcok, en *The rope* (A Soga) que amosa ó asesiño no primeiro dos planos.

Un tratamento, este da dramatización, que o mesmo Otero —coma Hitchcock— prepararа en pormenor na sua representación final: agradecemento público aos médicos que o atenderon; aceno chocalleiro pra a prensa que agarda; hábito do carme (pra LR) ou franciscano (pra LVG); ataude de madeira de Araucaria, a árbore que quería como paralela á vida súa e á sua morte; terra e labregos de Trasalba no ritual de levar o peso do cadavre: *billet* último sobre o viño do Ribeiro que entrega —sen contrapartida monetaria a unha axencia de publicidade, remachando resabios fidalgos; signo de consentimento na morte ou esa demostración de consciencia ata o fin cunha fantástica fibela de ouro: lectura de *Memorias de Ultratumba*, de François-Rene de Chateaubriand, que vai marcando cun recibo do sereno nocturno da rua da Paz.

¿Quen resistiría a non contalo?. E a prensa contounolo todo. Folletón que ten a sua segunda entrega no cortexo funerario, na choiva do martes-trece, na Coral de Ruada interpretando o Himno, na bandeira galega, única, soia, innegociabel, que cubre a Araucaria e mais a Otero.

A partires deste núcleo central os tratamentos diversifícanse con espacios-recurso (coma o das enquisas de urxencia aos amigos), con colaboracións de firma (en ámbolos Medios sae, en galego, un artigo de Monseñor Arauxo o dia trece), con textos outerián históricos rescatados coma documentos ou textos circunstanciais (todo o do Santo serve) coma o último cumpleanos que LR sonsaca do ciclostil dunha revista colexial, con recadros de pleitesía pra a opinión institucional, "Mis sentimientos de pesar como gallego acentúan mi tristeza como español", ¿a que xa saben quen é?, Fraga Iribarne en *La Región,* e cun xogo de réplicas na intensificación do uso do galego (LR, que ficara atrais da LVG do domingo ao non utilizalo na información principal, fai do galego cáseque que língua única na edición do


O CORPO DE DON RAMON POLAS RUAS DA CIUDADE

S La Región 12 DE ABRIL DE 1976


DON RAMON HA MUERTO

COMPOSTELA, SIN OTERO PEDRAYO

Infinidad de telegramas y llamadas telefónicas

Numerosos ramos de flores

SESION EXTRAORDINARIA DEL AYUNTAMIENTO

11 DE ABRIL DE 1976 La Región


Viernes, 23 de abril de 1976 La Voz de Galicia página 11

Ourense Derrotero homenaje a Don Ramón

AVISO PARA BETANZOS Y SU COMARCA

SU PENSAMIENTO

ESTANTERIAS METALICAS FV

TODAS LAS SOLUCIONES A LOS PROBLEMAS DE ALMACENAJE

DISTRIBUIDORES

Fábrica de Barnices y Pinturas

DESEA NOMBRAR

REPRESENTANTE

EN GALICIA, A COMISION

Para visitar Fábricas de muebles, Sillas, Muebles Auxiliar, etc., e Industria de Construcciones Metálicas

VALOR VERBAL DE OTERO, VALOR DE IMAXES SONORAS QUE EMERXEN ENTRE OS SILENCIOS DA SUA ESCRITA



Pregón en Catoira nunha edición da Festa Viquinga

martes), que se podería convertir nun Atlas lingüístico pra Os Resentidos ao contemplar a Eduardo convertido en Banco-Amor (supoñemos que pra adolescentes coma no Brassens) ou ó Xocas nominado teimosamente don Xoquin.

Nen o espacio —páxinas— que se lle adica ao feito, nen nos tratamentos redaccionais, nen na linguaxe, nen nos recursos de xerarquización, habería grandes contrastes entre un xornal máis achegado ao que se adoita definir como Modelo Popular *(La Región)* e outro xornal representativo do eido dos informativo-interpretativos (como *La Voz de Galicia*) se non fora polo uso da imaxe, tanto na sua relación cuantitativa co texto como na tipoloxía da mesma en cadanseu Medio.

En LVG a imaxe é secundaria e cunha función de apoio da escrita ou foto do orador na UN, medallón-recordatorio no espacio de titulación que recolle opinións de fora, grabado de Maside na páxina 10 e foto do corpo no cadaleito na 13, (domingo, 11); imaxe xeral do cemiterio (Foto Film) e do cortexo na rua (martes, 13). Pola contra o tratamento gráfico e a cobertura que lle concede LR traenos un uso secuencial —perto das viñetas da literatura de cordel— e puntual que abondarían pra clasificar ao xornal ourensano entre a prensa de feitío popular.

A partires dun retrato actual do persoeiro —persoeiro pouco propicio pra a foto-glamour—, LR esgotou un percorrido icónico que vai da imaxe embalsamada no cadaleito á foto de obxecto, ao derradeiro libro, só; á cama, só; un seguimento que pasou por erguer o interés cunha ilustración 'ad hoc' dun pintor da localidade (dibuxo de Quessada) á reportaxe gráfica de Alvarado —xénero de cativo uso na prensa galega—, reportaxe de retorno á casa de Trasalba, «Rincones Intimos» ou recuncar coa historia en imaxes do devalar de «O corpo de D. Ramón polas ruas da cidade».

E dentro das formas espontáneas que estimulan os Modelos híbridos LR non acobilla unha mistura en seco entre a veneración polo Poder e a imaxe-revelación: nun grande plano sobre o panteón, as figuras centrais son dous homes de mono descolgando a caixa, e este pé de foto: "Don Ramón foi enterrado no panteón familiar xunto cos seus pais e a sua muller Josefina. Encima votouselle (sic) terra da Casa-Museu de Rosalía e de Trasalba. O final entonouse o himno galego e verrouse (outro -v- incerto) ¡Viva Galicia Ceibe!".

Tamén en LR a foto-proba da amistade: unha aperta ente o Xocas e Don Ramón.

Se facemos un esforzo de memoria e lembramos que tanto no formato coma no estilo de compaxinación —organización do espacio da páxina coma un puzzle no que se van encaixando os diversos materiais— os dous Medias consultados son practicamente idénticos e que naquel momento un Modelo informativo-interpretativo como LVG usaba de recursos-fantasias (filetes e recadros ornamentados) mentres que LR, pola contra, usabaos simplificados (lisos), unha das formas de visualización da información, o tratamento da imaxe, convírtese no punto de partida pra sabermos da existencia de dous modelos de prensa en Galicia, modelos que se perfilarán definitivamente na década que pasou.

Don Ramón, a persoaxe inacabada que declara cánto lle tería deleitado ser novelista —sen o conseguir, segundo as clasificacións funcionais da ortodoxia—; a ficción-aflicción rebasando o seu estilo singular de inexperto ata a crítica das *baixas tendencias dos ciudadáns educados no Cine, no futbol e no... dominó* ("Enxebrismo ao revés" in *A Nosa Terra*, 1.1.1930); Don Ramón, espectáculo multimedia das interaccións na expresión creativa, odia á TV quizaves porque é Otero o noso arquetipo do que podería ter sido un universo de imaxes sonoras na comunicación radiofónica tal e como é, a sua escrita, un travelling de imaxes visuais, entrada súa na Universidade compostelán, no 1905, recén chegado de Ourense, con todo preparadiño pola nai *Como pra un viaxe de noivos:*

> Dubidéi se procurar dinantes a ruíña de Mazarelos, onde pousaba de estudante o meu pai. Soupen que caía perto. Mais, puido a emoción da Universidade. Entréi polo claustro facéndome o indiferente. Estaban na clase de Lóxica. Seguindo o costume do Instituto, abrindo a porta dixen: "¿Se puede pasar"?. Unha risa xeneral acolleume. Había dúas fiadas de postos ocupados. Senteime atrás diles. O profesor —un vello, enrugado, miudo, tipo ourizo, cara antiga de retrato de "moderado"— falaba dun xeito canso, dormiñón, sobre as figuras do siloxismo, e ninguén lle daba creto.

Sensación, fora da história argumental, que che devolve á risada que Otero encaixa mentres dibuxa unha orla de froliñas con pétalas que semellan abellas, vexetal-animal, coma el.

OTERO É O NOSO ARQUETIPO DO QUE PODERÍA TER SIDO UN UNIVERSO DE IMAXES SONORAS NA COMUNICACIÓN RADIOFÓNICA